



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN 3ª DE CONCURSO OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DA PRAZA VACANTE DE PERSOAL LABORAL, INCLUIDA NO PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL AO ABEIRO DO ARTIGO 2.1 E 2.4 DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO ANO 2022.

Sendo as 09:00 horas do día 18 de decembro de 2024, en sesión celebrada na Casa do Concello de Bergondo, xúntanse os integrantes do tribunal cualificador, constituído en sesión do 11/12/2024, baixo a Presidencia de, José Angel Sánchez Paz (capataz do Concello de Bergondo); os vogais, Alberto Rilo Nogueira (funcionario de carreira do Concello de Bergondo), Yolanda Fandiño García (Policía local do Concello de Bergondo) e Pedro Antonio Amado Freire (persoal laboral fixo do Concello de Moeche); actuando como Secretaria, Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo).

Existindo quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe, o tribunal trasládase ó Edificio de Usos Múltiples do Polígono de Bergondo (sede da Asociación de Empresarios), lugar de celebración do segundo exercicio da fase de oposición, comprópanse os medios e as condicións para a realización do citado exercicio consonte ao disposto na base 3ª das específicas publicadas no (BOP núm. 243 do 26.12.2022). Preséntanse os seguintes candidatos, logo da comprobación da súa identidade:

Nº	Apelidos e nome	DNI
1	ALONSO NAYA, SERGIO	***1271**
2	BALBÍS BABÍO, MIGUEL	***0445**

Polo tribunal, dáse lectura á base 3ª das bases específicas, concretamente o referido ao segundo exercicio da fase de oposición. Asimesmo, recórdase aos aspirantes algunhas cuestións relevantes na execución do exercicio: *“Como concreción da realización do segundo exercicio da oposición, o Tribunal establece que consistirá nunha proba práctica do uso do tractor con rozadora de brazo nun circuíto, así como unha proba de coñecemento da maquinaria, valorándose a pericia propia do oficio, a celeridade na execución e a limpeza do traballo executado.”*

O Tribunal citou aos aspirantes ás 9:30 da sede da Asociación de Empresarios no Polígono de Bergondo. A continuación, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos, o tribunal trasládase á parcela colindante co Edificio Multiusos do Polígono de Bergondo co primeiro dos candidatos para a realización do exercicio, que de acordo co disposto nas bases reguladoras e tal e como se reflectiu na acta núm 2, dado que a letra que marca a orde de realización das probas e o “T”, é Sergio Alonso Naya, dispoñendo os aspirantes de corenta minutos para a súa realización. O outro aspirante permanece no edificio citado, cun membro do tribunal, dado que do contrario podería supoñer unha ventaxa para o candidato posterior.

A proba valórase tendo en conta tres fases, o desbroce realizado, o circuíto e posterior colocación do tractor na posición de inicio e unha serie de 5 preguntas.

O tempo da realización das dúas primeiras fases, desde a saída co tractor e posterior colocación do tractor na posición de inicio ascendeu a 16'34'', no caso de Sergio Alonso Naya e a 11'18'', no caso de Miguel Balbís Babío

Na valoración das dúas primeiras fases, tívose en conta o tempo realizado, a pericia e a destreza da execución e o resultado da mesma.

Na valoración da terceira fase, tívose en conta o acerto e as explicacións das respostas.

Apelidos e nome	1ª fase (máx 15 puntos)	2ª fase (máx 10 puntos)	3ª fase (máx 5 puntos)	Total (máx 30 puntos)
-----------------	----------------------------	----------------------------	---------------------------	--------------------------

ALONSO NAYA, SERGIO	10	9	4	23
BALBÍS BABÍO, MIGUEL	15	7	3,5	25,5

Finalizadas as actuacións, a suma total das puntuacións obtidas, na fase de concurso e nos dous exercicios da fase de oposición, é a seguinte, por orde de puntuación de maior a menor:

Nº	Apelidos e nome	DNI	Concurso	Nota 1º Exame	Nota 2º Exame	Total
1	ALONSO NAYA, SERGIO	***1271**	24,8	25	23	72,8
2	BALBÍS BABÍO, MIGUEL	***0445**	2,5	27	25,5	55

Á vista das actuacións indicadas, o Tribunal por unanimidade **ACORDA:**

Primeiro. Consonte coa previsión contida na Base 10ª das bases xerais e específicas reguladoras do proceso selectivo para cubrir a prazas vacante de persoal laboral, polo proceso extraordinario de estabilización ao abeiro dos artigos 2.1 2.4 da Lei 20/2021 (BOP núm. 5 do 09.01.2023), declarar aprobado a Don Sergio Alonso Naya

Segundo. Declarar que o aspirante aprobado está exento da realización da “Acreditación do coñecemento da Lingua Galega”, por ter presentado a documentación xustificativa esixida na Base 4ª das mencionadas Bases específicas.

Terceiro. Na súa consecuencia, propoñer á alcaldía-presidencia a contratación como persoal laboral fixo, Operario de Servizos Varios, cód. 04.01.00.03, a Don Sergio Alonso Naya

Cuarto. O aspirante proposto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Bergondo, e dentro do prazo de vinte (20) días naturais, dende que se faga pública a relación de aprobados, os documentos indicados na Base 11ª.1 das Bases xerais da convocatoria.

Quinto. Dar traslado á alcaldía-presidencia, para os efectos previstos na Base 13ª das Bases xerais, que o aspirante que se indica a continuación, poderá formar parte da bolsa de traballo por cumprir co indicado nas citadas bases, tendo acreditado documentalmente no expediente, o coñecemento da lingua galega: Don Miguel Balbís Babío.

Non sendo outro o obxecto desta sesión, sendo as once e vinte horas, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo. Dou fe; a secretaria

O Presidente

Os/as Vogais

A secretaria




